



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Servizo de Deportes

Avenida da Habana, 79, 4
32071 Ourense
988 386 050
deportes.ourense@xunta.gal

galicia

Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

Na data do 18 de Xuño de 2020 a Federación Galega de Automobilismo comunica á Secretaría Xeral para o Deporte o protocolo para a práctica das diferentes especialidades de automobilismo.

D. MANUEL PÉREZ GONZÁLEZ, como Xefe do Servizo de Deportes da Delegación Territorial de OURENSE e coordinador do grupo 9 de Deportes de Motor, **CERTIFICA:**

Que o protocolo da Federación Galega de Automobilismo para a práctica das diferentes especialidades de automobilismo se adecúa ao disposto no protocolo Fisicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

 FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO	
- 1 XULL. 2020	
ENTRADA N.º 401	SAIDA N.º

Ourense, 01 de Xullo de 2020

O Xefe de Servizo de Deportes de OURENSE

MANUEL PÉREZ GONZÁLEZ

Asinado por: PEREZ GONZALEZ, MANUEL
Cargo: Xefe de Servizo de Deportes
Data e hora: 01/07/2020 11:05:02

CVE: ct1NnRvtp1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021

COMUNICADO 076/20 12 DE MAIO DE 2020

□ PROPOSTA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO PARA A VOLTA A NORMALIDADE DA PRÁCTICA ACTIVA DO AUTOMOBILISMO EN GALICIA:

O pasado 14 de marzo decretouse en España o estado de alarma como consecuencia da confirmación de transmisión comunitaria do Sars-Cov2 no noso País. Durante este período a Federación, Organizadores, e os Deportistas, como calquera cidadán, tivemos que permanecer confinados o marxe da nosa rutina habitual da boa práctica do Automobilismo Deportivo na Galicia.

Tendo sempre presente que o principal obxectivo da Federación Galega de Automobilismo é protexer a saúde de todos os membros do colectivo (oficiais, deportistas, técnicos, cronometradores, e siareiros), abarcando calquera modalidade e categoría, por elo estase a crear un grupo de traballo (Asesoría Xurídica, Xunta Directiva, e o Team Medical Galicia) para elaborar unha guía para o retorno os adestramentos, e competicións dunha forma segura, garantindo en todo momento a saúde de todos.

A Federación Galega de Automobilismo está en contacto permanente coas autoridades para a aperturas, incidencias, e a repercusión que pode acaecer para o noso deporte.

Sen dúbida ao longo do tempo teremos que ir realizando modificacións conforme avance a denominada “desescalada” e das medidas de desconfinamento que irá paulatinamente publicando o Goberno de España, e que ata a data de elaboración deste documento aínda non foron detalladas atopándonos aínda baixo o orde do estado de alarma cunha tímida apertura da nosa actividade.

As novas medidas do Goberno que están a chegar marcarán as directrices do Automobilismo Deportivo. Terase sempre en conta, como punto de saída, a idiosincrasia do noso deporte que lle convirte, como veremos a continuación, **nunha práctica deportiva de baixo risco** na propagación do virus e polo tanto da transmisión da enfermidade.

VALORACIÓN DO RISCO DA PRÁCTICA DO AUTOMOBILISMO NO CONTEXTO DO COVID19:

Para poder ter en conta a valoración do risco da práctica do automobilismo fronte o virus, seguiremos o modelo proposto pola “OMS” de avaliación, que atingue a valoración dunha serie de items.

No caso do Automobilismo, reúnense varios criterios para poder consideralo como un **deporte de baixo risco no contexto do COVID19**, tanto para a súa práctica, como para a celebración de eventos deportivos oficiais na Galicia.

Entre estes items encóntranse o lugar de celebración da actividade, o distanciamento entre os implicados no automobilismo deportivo, a presenza ben protexida dos oficiais, técnicos, cronometradores, xefes de treito, bandeiras e dirección de carreira. Ademais engadiremos medias estritas de hixiene o levar mascarillas, luvas, e pantallas protectoras durante a celebración dos adestramentos e probas oficiais de Automobilismo.

NOUTO EIDO PASAMOS A ANALIZAR O AUTOMOBILISMO DE COMPETICIÓN:

- 1) **Lugares de realización da actividade:** o Automobilismo é un deporte que se practica **ó aire libre**, tendo demostrado que son os deportes “indor” os de maior risco de transmisión de contaxios entre os seus deportistas.
- 2) **Distancia entre os practicantes:** no caso, todas as modalidades son individuais, agás os rallyes/rallymix(dupla). O Team Medical Galicia actuará tomando a temperatura dos



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021

TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.

AON
Empower Results®



Allianz



MARKEL



DEPORTE
GALEGO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

equipos (individuais ou duplas) antes da celebración de cada treito, tomando as medidas oportunas no eido de calquera incidencia.

No caso das duplas (mesmo coche) no que van provistos de sotocasco, e por elo xa debidamente protexidos. A participación e a convivencia estreita entre os deportistas soe levar o mesmo risco que o contaxio intrafamiliar.

- 3) **Distancia entre piloto/copiloto e asistencias:** en Automobilismo é posible e habitual unha distancia prudencial, cada un no seu propio vehículo, que evitará o contacto directo entre ambos o que diminuírá o risco de contaxio. (casco e sotocasco)
- 4) **Presenza de persoal de apoio:** ademais dos pilotos/copilotos, e o seu director de equipo, mecánico, ou encargados do catering durante as probas non é necesaria a presenza física douto persoal de apoio. Como en todos os deportes, e mais en concreto o Automobilismo, a excepción sería o caso do persoal sanitario do Team Medical Galicia, os que terán que seguir tódalas medidas de hixiene e prevención determinadas pola súa profesión.
- 5) **Posibilidade de levar mascarillas e luvas:** A realización de exercicio físico con mascarillas de protección non parece recomendable en ningún deporte, sen embargo podería valorarse durante os parques de traballo, parques de custodia, controis horarios, parrillas de presaída, e tempos mortos antes do inicio da actividade. O Automobilismo practícase en todas as súas modalidades con luvas e sotocasco, específicas polo que podería valorarse a adaptación dos mesmos as medidas de hixiene e protección relativas a transmisión do COVID19.
- 6) **Medidas de hixiene durante os adestramentos e as competicións:** tódalas medidas de hixiene propostas, e que xa demostraron ser eficaces na detención desta pandemia, poden perfectamente aplicarse durante a práctica do Automobilismo Deportiva na Galicia:
 - a. Lavado frecuente de mans con xabón e xeles hidroalcohólicos desinfectantes nos vehículos.
 - b. Desinfección do utillaxe e dos vehículos de competición, antes, durante e o acabala competición con produtos básicos autorizados polo Sergas.
 - c. Hixiene e desinfección de calquera instalación (camións, remolques, ferramentas, etc.) Desde que se realice actividade deportiva deberá cumprir coas normativas sanitarias de hixiene libre de SARS-COV-2 dictadas polo Goberno Español así como das esixencias publicadas pola Xunta de Galicia (Sergas).
- 7) **Posibilidade de realizar test os pilotos/copilotos, asistencias, e directores de equipo previos o inicio da competición:** iste punto, o igual que tódolos deportes, dependerá directamente da disponibilidade de tests a nivel dos diferentes servizos da Consellería de Sanidade, da Xunta de Galicia, coa colaboración do Team Medical Galicia.

FASES DO PROCESO DE INCORPORACIÓN OS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS

1) **Incorporación os adestramentos:**

Para volver os adestramentos, dos deportistas de Automobilismo en vía pública ou circuito pechado, adoptaranse unha serie de medidas de identificación de colectivos/escuderías, redución de riscos, medidas hixénico-sanitarias, aplicables a tódolos grupos en maior ou menor medida.

Teranse en conta as connotacións excepcionais que rodean os deportistas federados que practican o deporte como unha forma de vida saudable.

2) **Redución de riscos:**

Dentro das medidas de redución de riscos desde a Federación Galega de Automobilismo propoñemos: Mantela idoneidade de comenzalos adestramentos

nunha primeira desescalada en lugares que dispoñan de aloxamento, e que poidan permitir un total aislamiento. En calquera caso potenciaranse as medidas de hixiene e distanciamentos das persoas.

3) Medidas hixénico-sanitarias:

- a. Disponibilidade de produtos de hixiene persoal: a nivel persoal facilitaránse produtos de hixiene persoal como dispensadores de xabón e xeles hidroalcohólicos e si fora necesario o recomendable, a disponibilidad de mascarillas faciais individuais.
- b. Medidas de hixiene persoal: Promoverase a importancia de non compartir botellas de auga nin utensilios de comidas ou preparación de suplementos deportivos.
- c. Distanciamiento social: Promoverase as medidas de eficacia xa coñecidas para evitalo contaxio como é o distanciamiento entre os deportistas e persoal de organización. As actividades deportivas en vía pública e a súa realización o aire libre, cunha distancia de seguridade mínima de dous metros entre deportistas ou oficiais.
- d. Hixiene de coches e lugares comúns: Os equipos disporán de materiais de desinfección para os seus coches, e outros materiais deportivos (pneumáticos, ferramentas, lonas, camións de asistencia, carpas de catering, etc.), asegurando unha necesaria e correcta hixiene persoal de limpeza das zonas comúns, incluíndo lugares de acceso, baños, duchas exteriores, zoas molladas e instalacións deportivas.
- e. Illamento de posibles casos: no caso de aparición de síntomas, detectados polo equipo médico do Team Medical Galicia, en calquera deportista ou oficial, existirá un protocolo previamente establecido de declaración os sistemas de saúde (Sergas), ben a través do Team Medical Galicia, da Federación Galega de Automobilismo, ou dos servizos de saúde asistenciais de cada Área Sanitaria de Galicia.

4) Medidas informativas:

- a. En tódalas probas (rallyes, montaña, rallymix, autocross, slalom, e karting) a vista dos deportistas, oficiais, e siareiros colocaranse carteis e mensaxes informativos sobre o COVID19, así como as medidas de prevención.
- b. Evitarase o uso compartido de equipamentos e publicaranse avisos informativos en lugares visibles.
- c. Recordarase os equipos e organizadores a limpeza extrema en tódalas zoas e materiais utilizados polas asistencias e dos equipos de cronometraxe.

5) Lista de verificacións:

Elaborase unha lista, por cada Comité Organizador dunha proba de Automobilismo de Galicia:

- a. Existencia de produtos de desinfección.
- b. Recheo dos dispensadores de material para a desinfección das mans.
- c. Control e desinfección dos lugares comúns.

CELEBRACIÓN DE COMPETICIÓNS DE AUTOMOBILISMO:

Iste apartado terá en conta as datas:

- 1) A partir do 11 de maio só se pode adestrar individualmente.
- 2) A partir do 25 de maio pódense facer eventos o aire libre cun máximo de 400 persoas en cada curva ou lugar.
- 3) A partir do 8 de xuño, idem punto 2, máximo de 800 persoas en cada curva ou lugar.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021

TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.

AON
Empower Results®



DEPORTE
GALEGO

galicia



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

- 4) A partir do 22 de xuño comeza a denominada “Nova Normalidade” (pendente confirmación Ministerio de Sanidade), sen ningún tipo de restricións salvo contraorden.

MEDIDAS ESPECÍFICAS:

1) Control de temperatura:

Tanto os oficiais, técnicos, como os deportistas pasarán un control de temperatura, polo Team Medical Galicia, antes do inicio de cada treito, manga de adestramentos ou mangas oficiais.

Quedando rexistrada na base de datos oficial con trinta días de control-memoria.

Se un oficial, técnico, ou deportista da mais de 37'5º, se espera dez minutos para facer unha segunda proba e se da positivo novamente, terá que deixala proba e non poderá continuar coa actividade deportiva, enviando o deportista a un centro de saúde.

2) Lavado de vehículos e do material de asistencia:

Despois de cada sección do rallye, manga de montaña/rallymix, clasificatorias e mangas oficiais de autocros/karting, e de cada pasada de Slalom; cada coche desinféctase. Se desmontan pezas ou pneumáticos teranse que pulverizar con auga con lixivia despois de cada uso. Nas zoas comúns das asistencias pulverizarase auga con lixivia para extremalas medidas de seguridade.

3) Estancia nos parques de traballo:

Na explanada habilitada para o seu fin distribuiranse as asistencias para estar separadas alomenos un metro entre elas. Durante o montaxe das asistencias todas circularán nun mesmo sentido (entrada e saída diferenciadas).

4) Clases teóricas e briefing:

Todo o contido teórico realizarase no exterior facendo unha formación circular cunha distancia de 1'5 metros mínimo.

Recomendarase o uso de pizarras viledas con rotuladores. Istes materiais serán desinféctados o inicio e o final do briefing.

Así mesmo informarase que se debe crear unha plataforma “online” onde se exporá o mesmo que no briefing para consulta e público coñecemento dos equipos, asistencias, oficiais da proba, e siareiros.

5) Entregas de premios:

Teranse que facer o aire libre e respectando a distancia mínima de 1'5 metros entre cada persoa.

**PROPOSTA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, ASESORÍA
XURÍDICA, E DO TEAM MEDICAL GALICIA**



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021



Empower Results®



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 084/20

1 de Xuño de 2020

PROTOCOLO SANITARIO DE REFORZO Ó COMUNICADO Nº 076/20:

Sen prexuízo ou ampliación de normas aplicables pola Consellería de Sanidade, da Secretaría Xeral para o Deporte, así como das autorizacións administrativas emanadas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e do Servizo Técnico Administrativo e Interior (Xefatura Territorial) da Xunta de Galicia; amplíase as medidas do Comunicado nº 076/20 mentres dure a excepcionalidade extraordinaria de control e prevención da pandemia do Covid-19.

Aínda que a ampliación de medidas de prevención e control do "Team Medical Galicia" atrancan a costume e comodidade de facelo Automobilismo Deportivo máis fácil e práctico temos que varialo en aras da seguridade de todos (Deportistas, Oficiais, Técnicos, e Siareiros) tanto en canto non dispoñamos dunha vacina ou dun tratamento capaz de controlala enfermidade.

Polo exposto publícase a/e:

DOC. 1.- Declaración de risco Covid-19 (Pilotos, Oficiais, e Técnicos de probas de Automobilismo Deportivo na Galicia).

O abaixo asinante, D. _____ Licenza ____ - ____ -GA,
proba _____ baixo a súa propia responsabilidade a tódolos efectos legais;

DECLARA:

De conformidade coa lexislación vixente, así como do PROTOCOLO SANITARIO COMPLEMENTARIO DE REFORZO SECTORIAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO para a adaptación do deporte do automobilismo e a súa reincorporación á normalidade, e co obxectivo principal da preservación da saúde de todos e a volta aos adestramentos e o reinicio das competicións federadas, para a seguridade nas competicións en relación co risco do Covid-19, fun informado e acepto que non se permitirá o acceso á área da competición se unha persoa:

- está suxeito a medidas de corentena
- ten Covid-19 activo
- ten ou tivo unha temperatura corporal superior a 37.5 ° nos últimos 5 días
- ten ou tivo algún dos outros síntomas nos últimos 5 días, a saber: unha forte redución en sabor (sabores), forte redución do cheiro (cheiros), tose seca, dificultade respiratoria, esgotamento severo, conxestión nasal, dor de cabeza, diarrea.
- estivo en contacto directo con persoas positivas para Covid-19 nos 14 días anteriores, ou cos seus propios familiares, aínda que asintomático.

O TITULAR CERTIFICA QUE:

Está suxeito a corentena de Covid19	SI	NON
Covid-19 en proceso	SI	NON
Ten ou tivo febre nos últimos 14 días con temperaturas > = 37.5 °	SI	NON
Ten ou tivo perdida de olfato ou de sabores nos últimos 14 días	SI	NON
Ten ou tivo tose seca durante os últimos 14 días.	SI	NON
Ten ou tivo dificultades para respirar nos últimos 14 días.	SI	NON
Ten ou tivo fatiga severa nos últimos 14 días.	SI	NON
Ten ou tivo conxestión nasal nos últimos 14 días.	SI	NON
Ten ou tivo dor de cabeza nos últimos 14 días.	SI	NON
Ten ou tivo diarrea nos últimos 14 días.	SI	NON
Os últimos 14 días estivo en contacto con persoas con Covid-19 positivo.	SI	NON
En caso afirmativo, o estado inmunolóxico actual desa persoa é?	(+)	(-)
Data do test e o seu resultado _____		

En caso afirmativo de tres condicións do cuestionario terá que acreditar a negatividade do Covid19 mediante un test PCR realizado nos últimos 5 días ou mediante seroloxía nos últimos 14 días.

E comprométese a:

Comunicar con prontitude ao "Xefe Médico da proba" ou "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia" da proba _____ calquera cambio nas declaracións emitidas hoxe e para cumprir con todas as disposicións da lexislación vixente, e o Protocolo Sanitario Complementario do Reforzo Sectorial da Federación Galega de Automobilismo.

En _____, a _____ de _____ do 2020.

Asinado: _____

Licenza ____ - ____ -GA.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021



Empower Results®



Allianz



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DOC. 2.- Información de Covid-19 e do tratamento dos datos persoais polo "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia".

Proba: _____ Organizador _____ "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia" _____ Teléfono Móbil _____ Email: _____.

Os deportistas, oficiais, técnicos e demais persoal da proba son responsables dos datos que figuran neste documento e declaran coñecer os riscos e características da competición automobilística onde van participar/actuar.

O "Coordinador da Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia" utilizará os datos persoais que vostede proporciona exclusivamente para reducir o risco e previr a infección por Covid-19. A base legal do procesamento é a necesidade de cumprir ás obrigacións legais ás que está suxeito o "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia", en relación coa implementación de protocolos de seguridade anti-contaxio/enfermidade.

Os datos proporcionados no cuestionario conservaranse polo "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia" soamente mentres dure a proba e destruíranse ao finalizar a mesma, prohibindo o acceso a esta información a calquera outra persoa ou entidade.

Tendo en conta que, para acceder ás instalacións, ou beirarrúas onde se celebren probas, o controlador de datos requiriralle a súa declaración en virtude da que certifica non estar suxeito á medida de corentena, de non ter Covid-19 activo, de non ter ou non ter temperatura nos últimos 5 días por encima de 37.5 °, ou non ter ou non ter un dos outros nos últimos 5 días síntomas, a saber: forte redución do sabor (sabores), forte redución do olfato (cheiros), tose seca, dificultades respiratorias, esgotamento severo, conxestión nasal, dor de cabeza, diarrea, ou non estar en contacto con persoas con coronavirus positivo nos 14 días anteriores, ou cos seus familiares, mesmo se son asintomáticos, unha posible negativa a declarar o mencionado anteriormente implica a imposibilidade do controlador de datos de cumprir coas obrigacións legais e, en consecuencia, a imposibilidade de acceder á área de competencia.

Especifícase que os datos de temperatura corporal recompilados en tempo real non se rexistrarán agás se se supera o limiar de temperatura e, en calquera caso, só se é necesario documentar os motivos que impediron o acceso á proba deportiva.

Informámoslle que o procesamento dos seus datos leva a cabo de conformidade co protocolo, a normativa vixente, e disposicións regulamentarias sobre o procesamento de datos persoais; en particular en principios de corrección, legalidade, transparencia e protección da confidencialidade e dereitos dos suxeitos cuxos datos son procesados. O procesamento dos seus datos persoais realizarase a través de ferramentas. Papel, informática e telemática, con métodos adecuados para garantir a súa seguridade e confidencialidade en cumprimento das disposicións vixentes. Informámoslle serán tratados durante o período estritamente necesario para lograr os fins para os cales foron recollidos.

Os seus datos persoais recompilados polo "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia" non serán comunicados nin divulgados a terceiros, coa excepción da hipótese na cal o Propietario é requirido por disposicións reguladoras específicas.

Informámoslle que pode revogar en calquera momento consentimento outorgado sen afectar a legalidade do tratamento.

Pódese facer exercicio, en calquera momento, o dereito a:

A.- Solicitar confirmación da existencia ou non dos seus datos persoais.

B.- Obter a corrección e cancelación dos seus datos persoais.

C.- Obter a limitación do procesamento dos seus datos.

D.- Opoñerse ao tratamento en calquera momento e tamén no caso de tratamento co propósito de marketing directo.

E.- Opoñerse a un proceso automatizado de toma de decisións relacionado con persoas físicas.

F.- Solicitar ao controlador de datos o acceso aos datos e a súa corrección, eliminación ou limitación do tratamento que lle concirne ou para opoñerse ao seu tratamento, ademais do dereito á portabilidade dos datos.

G.- Presentar unha queixa ante a autoridade supervisora, Federación Galega de Automobilismo.

H.- Así como a presentar reclamación ante unha autoridade de control e calquera outros recoñecidos na normativa vixente en materia de protección de datos que puidesen corresponderlles.

Eu, como me identifiquei anteriormente, autorizo ao "Coordinador de Seguridade Sanitaria do Team Medical Galicia" como responsable do procesamento de datos, para obtelos meus datos persoais para os fins indicados a continuación.

En concreto para o:

• PROCESADO DOS MEUS DATOS PERSOAIS PARA REDUCIR O RISCO E EVITALOS CONTAXIOS DE COVID-19 SEGUNDO O ESPECIFICADO EN PROTOCOLO SANITARIO COMPLEMENTARIO DE REFORZO SECTORIAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO.

En _____, a _____ de _____ do 2020.

Asinado: _____

Licenza _____ -GA.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 097/20 13 de Xullo de 2020

❑ CÁMARAS TERMOGRÁFICAS:

A Federación Galega de Automobilismo ven de mercar **cámaras termógráficas** suficientes para equipalos vehículos R3, R4, R5, e R6, así como ao “Team Medical Galicia”, para a toma de temperatura por infrarroxos, de fronte sen contacto, ós equipos participantes e asistencias; o que redundará nun maior control e consumo do automobilismo deportivo con garantías sanitarias.

Manual pincha enriba da imaxe para velo:



Comunicado nº 098/20
15 de Xullo de 2020

MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE:

A Federación Galega de Automobilismo dota ao Team Medical Galicia de tódolos medios de protección para un maior control do Covid-19.

Nos eventos utilizaranse datos de control de temperatura, con cámaras termográficas, e demais informes dos equipos médicos de uso exclusivo na proba.

Ao finalizalo evento automobilístico os equipos médicos dirixiránse ao Colexio de Comisarios Deportivos e istes farán acta numerada, a cal elevarase a pública, na que **indicarán que na súa presenza destruíronse os datos médicos acadados antes, durante, e ao finalizala proba.**

Con esta actuación cumprese a normativa de **protección de datos médicos e persoais** dos equipos, asistencia, comisarios, e oficiais.

* Acta tipo, pincha enriba para vela ou descargala:

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

Xacobeo 2021
TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.

AON
Empower Results®

Allianz

MARKEL

DEPORTE GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

PROBA: _____

DATA: _____ **HORA:** _____ **DECISIÓN Nº** _____

Dos Comisarios Deportivos ☒ **A:**

Director de Competición ☐
Director de Carreira ☐
Secretario de Carreira ☐
Observador F.G. de A. ☐
Team Medical Galicia ☐
Xefe de Seguridade ☐
Comisaria Covid-19 ☐

DECISIÓN DO COLEXIO DE COMISARIOS DEPORTI VOS

Reunido o Colexio de Comisarios Deportivos, en pleno, ante o requirimento expreso do Team Medical Galicia (R3 ☐, R4 ☐, R5 ☐, R6 ☐) destrúense na nosa presenza os datos médicos acadados durante o transcurso do/da _____ para a debida e necesaria protección en cumprimento do tratamento de datos de carácter persoal.

Asdo: Os Comisarios Deportivos

Licencia CD1ª: _____ -GA Licencia CD1ª: _____ -GA Licencia CD1ª: _____ -GA

Publicase no taboleiro oficial de anuncios e na web da proba ☒



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
C/ra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021



Empower Results®



Allianz



MARKEL



galicia



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

PROBA: _____

DATA: _____ HORA: _____ DECISIÓN Nº _____

Dos Comisarios Deportivos ☒

A: Director de Competición ☐

Director de Carreira ☐

Secretario de Carreira ☐

Observador F.G. de A. ☐

Team Medical Galicia ☐

Xefe de Seguridade ☐

Comisaria Covid-19 ☐

DECISIÓN DO COLEXIO DE COMISARIOS DEPORTIVOS

Reunido o Colexio de Comisarios Deportivos, en pleno, ante o requirimento expreso do Team Medical Galicia (R3 ☐, R4 ☐, R5 ☐, R6 ☐) destrúense na nosa presenza os datos médicos acadados durante o transcurso do/da _____ para a debida e necesaria protección en cumprimento do tratamento de datos de carácter persoal.

Asdo: Os Comisarios Deportivos

Licencia CD1ª-_____-GA

Licencia CD1ª-_____-GA

Licencia CD1ª-_____-GA

Publícase no taboleiro oficial de anuncios e na web da proba ☒